

PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE LIMPADOR/A, PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE MACEDA, PERSOAL LABORAL FIXO, CORRESPONDENTE A PRAZAS AFECTADAS POLA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBERO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS

No salón de Plenos do Concello de Maceda, ás 11:30 horas do día 10 de novembro de 2023, reúñese o tribunal que procederá á valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes nos termos recollidos na Base oitava das Bases xerais da convocatoria e segundo as Bases específicas da convocatoria excepcional do concurso libre de méritos para a estabilización do emprego temporal e ingreso **en dúas (2) prazas estruturais do concello de Maceda de persoal laboral fixo na categoría de limpador/a** afectadas pola disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Anexo X, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 13 de decembro de 2022 e publicadas no BOP de data 20 de decembro de 2022.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: D. Esteban Fernández Álvarez
Vogais: D. José Ángel Basalo Coutado, D. Luís Salgado Vázquez e D^a María Ángela Garrido Movilla.
Secretaria: D^a Noelia Rodríguez Martínez.

Os interesados toman posesión do cargo que lles corresponde e deciden inicia-la valoración.

Por parte da Presidencia expõse que o obxecto desta sesión é proceder á realización da valoración de méritos do correspondente procedemento de acordo co establecido na base oitava das bases xerais e segundo o regulado nas bases específicas, Anexo X, valorando os méritos segundo o previsto nas mesmas:

A puntuación máxima será de 100 puntos e segundo os seguintes criterios:

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



1.º Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90 puntos.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no *Boletín Oficial do Estado* da convocatoria do proceso selectivo:

- i) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,94 puntos por mes completo.
- ii) Servizos efectivos prestados no Concello de Maceda noutra categoría diferente á da praza obxecto de selección: 0,22 puntos por mes completo.
- iii) Servizos efectivos prestados no resto do sector público na categoría da praza obxecto de selección ou equivalente: 0,3 puntos por mes completo.
- iv) Servizos efectivos prestados no resto do sector público noutras categorías distintas á da praza obxecto de selección: 0,06 puntos por mes completo.

Computarase como tempo de servizos efectivos o tempo de duración daquelas excedencias e outras situacións administrativas que, de acordo coa lei e o convenio colectivo aplicable, computen para efectos de antigüidade e carreira.

Non se computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, nin os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas.

Os servizos prestados acreditaranse mediante:

- Certificación expedida pola administración competente dos servizos prestados, para o caso de experiencia laboral en administracións públicas.
- Informe da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Contratos de traballo, para o caso de que se aleguen servizos prestados por conta allea en entidades do sector público na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

2.º Méritos académicos. Puntuación máxima: 10 puntos.

i) Cursos de formación.

Valorarase a realización de cursos impartidos ou recibidos homologados polas diferentes administracións públicas ou outras entidades do sector público, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais ou entidades sen ánimo de lucro, así como os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, sempre que o seu contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, os dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Concello de Maceda

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.



Para a valoración dos cursos aplicarase o seguinte baremo:

- Grupo A1: 0,1 puntos por hora.
- Grupo A2: 0,125 puntos por horas.
- Grupo B: 0,2 puntos por hora.
- Grupo C1: 0,333 puntos por hora.
- Grupo C2: 0,5 puntos por hora.
- Agrupacións profesionais sen titulación: 1 punto por hora.

A realización dos cursos acreditarase mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificacións de superación daqueles. Non se valorarán os cursos cando na acreditación (título, diploma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

ii) Titulación académica superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

A acreditación da titulación realizarase mediante copia simple do título, diploma ou resgarde de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola universidade ou administración pública correspondente.

A continuación procédese á valoración das solicitudes das persoas admitidas para dito procedemento segundo a Resolución da presidencia de data 24 de marzo de 2023, tendo en conta que unha das persoas admitidas, Dª Carmen Bouzas Iglesias, presenta renuncia a participar no proceso selectivo para a execución da OEP, na praza de limpadora, en data 7 de novembro de 2023 (nº de rexistro 2023-E-RC-2492 de data 9 de novembro de 2023).

Por unanimidade o Tribunal procede á valoración dos méritos dos candidatos de forma individual e sucesiva por orde alfabética co resultado seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS EXPERIENCIA PROFESIONAL	PUNTOS MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL PUNTUACIÓN
BLANCO REQUEJO MERCEDES	***2141**	14,96	10	24,96
BORRAJO RODRÍGUEZ JULIO	***6744**	2,70	10	12,70
PROL CASTRO NIEVES	***3492**	90	0	90

O tribunal cualificador acorda outorgar as puntuacións sinaladas.

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.
Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>

A valoración individualizada e pormenorizada de cada un dos aspirantes a dito procedemento, consta incorporada ao expediente electrónico do Concello 276/2023.

A continuación, o tribunal comproba que as persoas aspirantes posúen o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixa nas Bases específicas, neste caso Anexo X: Bases específicas para persoal laboral fixo na categoría de limpador/a, mediante a posesión do Celga 2 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Atendendo á Base Xeral cuarta do proceso selectivo, apartado f), e á Base Específica terceira, (Anexo X), e feita a comprobación polo tribunal, Dª Nieves Prol Castro precisa realizar a proba de coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da lista no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web do Concello, para solicitar a revisión das puntuacións ou para presentar reclamación sobre estas. O órgano de selección resolverá as alegacións presentadas dentro dos dez (10) días hábiles seguintes.

No suposto de presentarse alegacións á lista de puntuacións finais publicada, o órgano de selección resolverá as alegacións e elevará á Alcaldía a proposta de contratación das persoas aspirantes seleccionadas, en número non superior ao de prazas convocadas. No suposto de non presentarse alegacións á lista de puntuacións finais publicada e sempre que a aspirante Dª Nieves Prol Castro resulte apta na proba de coñecemento da lingua galega, o órgano de selección propón contratar as persoas aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
PROL CASTRO NIEVES	***3492**
BLANCO REQUEJO MERCEDES	***2141**

E ás 11:45 horas, dáse por finalizado o acto, asinando os que interveñen, dando fe a Secretaria.



Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.
Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>